

NORMAS DE PRÉSTAMO E UTILIZACIÓN DE TAQUILLAS.

CURSO 2025-2026

1. Disposición das *taquillas*

Existen un total de 200 armarios distribuídos na planta baixa e nos relanzos das escaleiras entre a planta baixa e o primeiro andar.

Distribuiranse por zonas segundo os cursos: 1º e 2º ESO; 3º e 4º ESO; 1º e 2º BACH.

2. Tramitación das solicitudes e adxudicación

- Os **impresos de solicitude** recolleranse en **Conserxería** o **[martes 30 de setembro](#)**.
- Presentar o documento de solicitude e préstamo na **[Conserxería](#)** do centro correctamente cuberto nun **[prazo de 2 días](#)** desde a entrega do mesmo: **[mércores 1 e xoves 2 de outubro](#)**. Se a solicitude non se entrega no prazo establecido, a persoa solicitante quedará á espera de que sobre algún armario que se lle poida asignar.
A adxudicación realizarase por **orde de chegada** das solicitudes **[o luns 6 de outubro](#)**.
- Entregar unha **fianza de 12 euros (6 se é compartida)** cando se lle entreguen as chaves.
- Só se prestarán **armarios compartidos; unicamente se pode solicitar un armario individual por enfermidade debidamente acreditada**. Ao non haber suficientes armarios, deste xeito beneficiarase máis alumnado.

3. Condicións do préstamo

- O alumnado poderá facer uso dos armarios durante o seguinte período: 2º bacharelato ata o 31 de maio; 1º de bacharelato ata o remate da avaliación ordinaria (9 de xuño) e a ESO ata o 19 de xuño.
- O incumprimento dalgunha das normas de utilización establecidas no punto 4 suporá a perda automática do seu uso.
- Ao presentar a solicitude acéptanse todos e cada un dos requisitos e normas recollidos neste documento.
- Ao rematar o curso, os/as usuarios/as devolverán as chaves segundo as instrucións que se lles dean (día límite para a recollida o 30 de xuño do

presente curso), sendo isto un requisito imprescindible para que se lles devolva a fianza.

4. Normas de utilización dos armarios

- Non está permitido o intercambio de armarios entre o alumnado.
- O instituto non se responsabiliza dos obxectos de valor ou susceptibles de ser subtraídos que o alumnado deixe neles.
- Os danos e/ou roturas exteriores ou interiores son responsabilidade do/a (s) alumno/a (s) adxudicatario do mesmo. O armario ten que ser devolto nas mesmas condicións en que se recibiu.
- Queda prohibido depositar obxectos que polas súas características ou composición poidan ser considerados perigosos, nocivos para a saúde ou contrarios ás normas do centro.
- A dirección do centro resérvase o dereito a abrir os armarios ante a sospeita do incumprimento das normas de uso.
- Só se poden utilizar os armarios na hora de entrada, durante o recreo e á saída. Queda prohibido utilizalos nas horas de clase e entre as clases.
- Se se perde a chave do armario, deberase aboar o custo da nova chave (2 euros) no momento da entrega para poder seguir utilizándoo, de non ser así, pérdese o dereito a usalo.
- Débese comunicar á conserxería do centro calquera estrago que se observe nos armarios (golpes, pechaduras forzadas, etc.). Se a primeira vez que se abre se nota algún, débese comunicar inmediatamente.
- Cando finalice o período de uso, **devolveranse 10 euros da fianza** (5 para cada persoa se é compartido) unha vez que se comprobe o bo estado do armario.

SOLICITUDE PARA O PRÉSTAMO DUNHA TAQUILLA

USUARIO 1

NOME E APELIDOS:

CURSO:

Ano Académico: 2025-2026

USUARIO 2

NOME E APELIDOS:

CURSO:

Ano Académico: 2025-2026

As persoas que asinan este documento comprométense a cumprir todos e cada un dos requisitos e normas recollidos no documento informativo **NORMAS DE PRÉSTAMO E UTILIZACIÓN DE TAQUILLAS** que se entrega con esta solicitude .

SINATURA(S):

Asdo:

Asdo:

En Vigo, a _____ de _____ de 2025